

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2012-13



Aprobada o 15 de outubro do 2012

## 1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO

### 1.1.DATOS BÁSICOS

Centro: C.R.A. Ponte da Pedra

Código do centro:15032251

Enderezo:Rúa Vazquez de Parga 119- Bloque 2 1º D

Teléfono/Fax:981-703403

Enderezo de correo electrónico:cra.ponte.pedra@edu.xunta.es

Localidade: Carballo

Concello: Carballo

Provincia: A Coruña

## 1.2.UNIDADES EN FUNCIONAMENTO E AGRUPAMENTO DE ALUMNOS

O Colexio Rural Agrupado C.R.A. “ Ponte da Pedra”, conta con :

- 5 Unidades de Educación Infantil
- 2 Unidades de Educación Primaria (1º Ciclo)
- 2 Unidades mixtas de Educación Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria das cales unha

está catalogada de Primaria.

Estas unidades están distribuídas en sete escolas co seguinte agrupamento de alumnos:

ESCOLAS	ED. INFANTIL					ED. PRIMARIA	
	TOTAL	VACANTES	4º	5º	6º	1º	2º
	19	1	2	6	5	5	1

ARTES								
BERDILLO	E.I.	20	0	6	7	7	-	-
	E.P.	15	10	-	-		7	8
CANCES		18	2	-	7	1	5	5
MIRÓN		22	0	2	4	16	-	-
REGA		21	0	7	7	7	-	-
SÍSAMO	E.I.	19	1	11	4	4	-	-
	E.P.	19	5	-	-	-	8	12
XOANE		19	1	9	3	3	1	2

### 1.3.INSTALACIONES

#### 1.3.1. Relación de edificios

Un local destinado a sede localizado en dous vivenda de mestres .

Nunha vivenda contamos con catro dependencias, dúas destinadas a despachos, unha a sala de profesores, e unha dependencia que conta con multicopista, fotocopiadora e plastificadora..Nestas dependencias da sede contamos cun ordenador con conexión a internet, en cada despacho, e un a disposición dos mestres onde se ubica a fotocopiadora .

Na outra vivenda dispoñemos pequena biblioteca infantil para uso en préstamo de tódalas escolas. Tamén cunha sala de material funxible, sala de mestres e un recuncho onde se almacenan os recursos (de Tics, educación física...)

Sete escolas unitarias :

1. Escola de Artes.
2. Escola de Cances
3. Escola de Mirón de Bertoa
4. Escola de Rega de Bertoa
5. Escola de Sísamo- Vilares
6. Escola de Verdillo .
7. Escola de Xoane da Estrada

#### 1.3.2. Situación das instalacións e equipamento

Tódalas escolas precisan mellorar:

- Rematar a mellora das instalacións eléctricas (En Rega y Xoane)
- **Aumentar o número de días e horas de limpeza nas aulas.** Asi como unha maior efectividade da mesma. Seguimos a solicitar unha limpeza digna para todas as aulas que comprería alomenos tres días a semana, tendo ademais en conta que nos últimos anos o número de alumnos aumentou de maneira que o tempo de limpeza de cada aula debería ser maior.
- Vaciar asiduamente as papeleiras de fora (dos patios)
- Pintado interior e exterior dalgunhas escolas.
- Dotar ás escolas dun bo sistema de calefacción e un novo. Durante o curso escola 2007-2008 o Concello instalou radiadores de calor azul en as escolas, colocando un radiador en cada escola. Isto e insuficiente debido as características dos edificios (hai moita humidade...), sobre todo nas escolas de Verdillo, Artes e Xoane.
- Cambiar o cha de area dos columpios por un chan de cortiza

- Cambiar o chan de Xoane por tarima de madeira ou corcho.
- Solicítase ao Concello unha revisión de todas as porterías e as canastas que hai nas escolas de Sísamo, Rega, Mirón e Cances, polo perigo que constitúen.

#### **Escola de Artes:**

- Pechar a porta exterior de acceso ó patio

#### **Escola de Berdillo:**

- Cambio ou selado das ventás, xa que tal e como están o calor dos radiadores escapa por todas partes
- Protexer as esquinas do cruceiro que hai no patio

#### **Escola de Cances:**

- Mellora do chan da entrada que produce moita condensación e os rapaces esvaran
- Delimitar o recinto escolar. O estar ó carón o centro social ás veces es un ir e vir de coches co peligro que supone.
- Maior nuemro de limpeza en as dúas aulas (na de abaixo hai cucarachas e recordamos que se segue a usar para facer educación física, horas de relixión...)

#### **Escola de Sísamo:**

- Arranxo dos pechaduras das cancelas exteriores do patio. Constituen un risco.
- Limpeza do patio e baleirado das papeleiras por culpa do “botellón”.
- Colocación dun contenedor.

#### **Escola de Xoane:**

- Aumentar número de horas de limpeza por aumento de nenos/as na aula
- Cambiar a almabrada do muro de fora por deterioro

#### **Escola de Rega:**

- Clocación de corcho nas paredes

#### **Sede**

- Colocación estatenería no baño, así como renovación da tapa do WC.
- Pintar vivenda onde están os despachos

## 2. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### 2.1. PERSOAL

Persoal Docente	
Destino definitivo	<u>12</u>
Destino provisional	<u>3</u>
Contratado (mestre Relixión)	<u>1</u>
Compartido (con CEIP Nétoma- Razo)	<u>1</u>
<b>TOTAL</b>	<b><u>17</u></b>

### 2.2. ÓRGANOS DE GOBERNO

#### 2.2.1. Órganos unipersoais

Directora: Fernández Blanco, Pilar

Xefa de Estudos: López Vilariño, Mónica

Secretario: Jesús Ramón Prado Lorenzo

#### 2.2.2. Órganos colexiados

Claustro de mestres/as	
María Teresa	T. Cances
López Souto, P. Begoña	T. Mirón
Teixeira Lastres Lourdes	T. Rega (Bértoa)
Vara Ogando, Mar	T. Artes
Jesús Ramón Prado Lorenzo	T. Xoane
Aurora Souza Parra	T. Berdillo EI
Cascón Bravo, M <sup>a</sup> Concepción	T. Berdillo EP
Vázquez Vázquez, Isabel M <sup>a</sup>	T. Sísamo EP
Gema Vázquez Candal	T. Sísamo EI
Fandiño Gantes-García, M <sup>a</sup> del Rocío	E. Música
Castro Suarez, Beatriz	E. Inglés
Sonia Iglesias Rega	E. Educación Física
Mónica López Vilariño	E. Apoio Infantil
Fernández Blanco, Pilar	E. Pedagogía Terapéutica

María Pereira	Audición e Linguaxe
Viviana	Orientadora
Santos Seijo, Ramón José	E. Relixión

· Consello escolar

<b>Consello escolar</b>	
Pilar Fernández Blanco	Presidenta
Jesús Ramón Prado Lorenzo	Secretario
Mónica López Vilariño	Xefa de Estudos
Representantes de mestres/as	
Begoña Lopez Souto	Titira Mirón
Beatriz Castro Suarez	Inglés
Ramón Santos Seijo	Relixión
Lourdes Teixeira Lastres	Titira de Rega
Representantes de pais/nais	
Beatriz Varela	Cances
Luz Martínez Bello	Sísamo
Ana Couto	Berdillo
Sandra Abelenda	Representante da ANPA
Representantes do Concello	
Eirís Villar , Mar	Concelleira Educación

\*Este ano hai eleccións o Consello Escolar no 1º Trimestre.

## **2.3.ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

### 2.3.1. Equipos de Ciclo

· EDUCACIÓN INFANTIL

COORDINADORA: Teixeira Lastres Lourdes

Teixeira Lastres Lourdes

Santos Seijo, Ramón

López Souto, P. Begoña.

Souza Parra, Aurora

Gema Vázquez Candal

María Teresa Rodríguez Rama

Mónica López Vilariño

Pilar Fernández Blanco

María Pereira Corral

· 1º CICLO DE PRIMARIA

COORDINADORA: Castro Suárez, Beatriz

Vázquez Vázquez, Isabel Mª

Vara Ogando, Mar\_

Castro Suárez, Beatriz

Cascón Bravo, Mª Concepción

Fandiño-Gantes García, Mª del Rocio

Prado Lorenzo, Jesús R.

Sonia Iglesias Rega

2.3.2. Comisión de Coordinación Pedagógica

Mestres/as	Cargo
Fernández Blanco, Pilar	PRESIDENTA
Mónica López Vilariño	Xefa de estudos
Viviana Bao Saiz	Orientador-
Gema Vázquez Candal	Coord.. ENDL
María Pereira Corral	A.L.
Lourdes Lastres Teixeira	Coord. E. Infantil
Beatriz Castro Suárez	Coord. E. Primaria

2.3.3. Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

COORDINADORA: Gema

Fernández Blanco, Pilar

María Pereira Corral

2.3.4. Departamento de Orientación

Viviana Bao Saiz.....Orientador



Fernández Blanco, Pilar.....Profesora de Pedagogía Terapéutica

María Pereira Corral .....Profesor de Audición e Linguaxe

Bestriz Castro Suarez.....Coordinadora de 1º Ciclo de Primaria

Lourdes Lastres Teixeira.....Coordinadora de Educación Infantil

### 2.3.5. Equipo de Actividade Complementarias e Extraescolares

COORDINADORA: Fandiño-Gantes García, M<sup>a</sup> del Rocio

Santos Seijo, Ramón

Vázquez Vázquez, Isabel

Mar Vara Ogando

Begoña López Souto

### 2.3.6. Proxecto Lector (Biblioteca)

COORDINADORA : M<sup>a</sup> Concepción Cascón

López Vilariño, Mónica

Teixeira Lastras, Lourdes

Castro Suárez, Beatriz

### 2.3.7. Plan TIC :

COORDINADORA: Prado Lorenzo, Jesús R.

M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Rama

Aurora Souza Parra

Sonia Iglesias Rega

## **3.OBXETIVOS XERAIS DO CENTRO**

Os nosos obxectivos están encamiñados fundamentalmente a acadar unha mellor organización e coordinación entre tódalas escolas e profesorado que compoñen o C.R.A., en concreto este curso traballaremos en :

1. Traballar na consecución dos obxectivos dos proxectos: Plan de Acción Titorial, P. Sociolingüístico, P. Lector, P. TIC, así como dos P.Lingüísticos de Centro e o Plan de Convivencia Escolar.
2. Asegurar a coherencia e concreción das programacións didácticas de aula coas programación de ciclo, co Proxecto Educativo e a realidade de cada aula, así como a coordinación entre os ciclos.
3. Coordinar co Concello e cos pais e asociacións de veciños todas as intervencións que sexan necesarias para a mellora das instalacións do C.R.A. tanto nas escolas coma no local da sede.
4. Favorecer e apoiar as iniciativas do claustro que se decidan favorables para o funcionamento do C.R.A.
5. Coordinar a través das reunións de directores cos outros centros de Carballo así coma cos C.R.A.S. de outros Concellos de Galicia
6. Colaborar cos pais/nais para mellorar a organización das actividades complementarias
7. Colaborar co Departamento de Orientación para a atención a diversidade no centro e asesoramento cos outros titores e demais mestres
8. Dinamizar e facilitar a organización da formación permanente dos mestres.
9. Fomentar e dinamizar a participación das familias na vida educativa a través da Asociación de Nais e Pais
10. Favorecer as canles de comunicación coa ANPA, coordinandonos e colaborando

nas actividades complementarias que están programadas nesta PXA ou poidan ser organizadas.

11. Colaborar con todos aqueles proxectos que podan xurdir o longo do curso.

#### **4.PROXECTOS DAS UNIDADES ORGANIZATIVAS**

##### **4.1 PROXECTO DO EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Composición: Véase o punto 2.3.1.

Coordinadora: Dna. Lourdes Lastres Teixeira

Reunións: levaranse a cabo o primeiro luns de cada mes.

Obxectivos:

- Debater e realizar propostas desde o ciclo que contribúan á mellora do funcionamento e coordinación do Centro.
- Comunicar aos titores as decisións tomadas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Traballar de forma coordinada en prol dunha intervención efectiva e coherente respectos aos alumnos.
- Definir as directrices do Plan de Acolida ao novo alumnado dun xeito flexible que permita adaptarse ás características particulares de cada escola.
- Revisar e actualizar os boletíns de comunicación aos pais.
- Elaborar de xeito coordinado un material axustado as nosas necesidades educativas, desenvolvendo o currículo da Educación Infantil e adaptándoo ás particularidades do noso alumnado

Participarase así mesmo en todas aquelas actividades propostas polos diferentes equipos e órganos que compoñen o CRA, se aproben para esta PXA así como aquelas que durante o curso escolar poidan ser ofertadas polo Concello, que atopemos de

interese e sexan axeitadas para o noso alumnado.

### **Periodo de Adaptación:**

Contamos con alumnado de tres anos, para o cal se establecen condicións que facilita nos primeiros contactos co centro educativo:

- Facilitamos a flexibilidade do horario: os primeiros días permanecerán na aula menos tempo, para ilo aumentando pouco a pouco ata conseguir a permanencia durante toda a xornada, prevista para o 21 de setembro. Este periodo de adaptación es anunciado cando as familias dos nenos/as fan a formalización da matrícula, no final do curso anterior, para que poidan prever a súa conciliación familiar-escola

- Prolongación do tempo de recreo.

A programación das primeiras semanas vai enfocada a actividades adaptadas á adquisición das rutinas básicas por parte dos novos alumnos e alumnas. Nestas semanas adicarémosnos a organizar a actividade escolar e a indicar nas normass que se deben cumprir ao longo curso.

A unidade inicial está pensada para que os nenos e que as nenas se vaian adaptando á vida escolar. Ademais, ofrece e suxire unha serie de xogos para que a entrada no colexio se realice dunha maneira alegre e divertida e para que axuden ós pequenos e ás pequenas a tomar confianza co contorno e cos seus novos compañeiros e compañeiras así como co mestre e a mestra, e ao mesmo tempo se vaian familiarizando cos materiais, cos espazos da clase, coa dinámica do grupo, coas rutinas diarias...

Na escola infantil os nenos inician un camiño da súa autonomía, aprendendo a facer por eles mesmos, ensínalle todo tipo de hábitos, por eso requirese que nesta incorporación a vida escolar teñan adquirido o control de esfínteres e non usen cueiros

## **4.2.PROXECTO DO EQUIPO DE 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**

Composición: Ver punto 2.3.1.

Coordinadora: Dna. Beatriz Castro Suárez

Reunións: As reunións de ciclo levaranse a cabo o primeiro luns de cada mes.

Obxectivos:

- Dar a coñecer a tódolos titores/as as decisións tomadas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elaborar as programacións de ciclo, adaptándoas ó Proxecto Curricular do Centro.
- Traballar cooperativamente co fin de establecer unhas pautas comúns de actuación no ciclo, aínda que tendo en conta as peculiaridades de cada unha das escolas.
- Favorecer o intercambio de experiencias e material didáctico entre os mestres do ciclo.
- Elaborar materiais en común de apoio, reforzo e ampliación adaptados ás necesidades particulares do noso Centro.
- Contribuír ó desenvolvemento do Proxecto Lector elaborado no Centro.
- Participar nas actividades propostas polos distintos equipos.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de convivencia.
- Promover unha maior coordinación entre o ciclo de Ed. Infantil e o de Ed. Primaria.
- Fomentar o uso das TICs nas aulas.

## **4.3 PROXECTO DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

COMPOSICIÓN DO EQUIPO : Véase o pto. 2.3.3

COORDINADORA: Gema Vázquez Candal

REUNIÓN: tódolos segundos luns de cada mes.

OBXECTIVOS XERAIS:

- As propostas establecidas dende este departamento están encamiñadas a potenciar e fomentar o uso do galego en todo o ámbito escolar, establecendo así mesmo unha estreita e continua relación dos distintos equipos de ciclo, departamentos e diversos estamentos socio-educativos e culturais.
- As funcións do departamento van orientadas a coordinar, colaborar, participar, xestionar, e facilitar todas aquelas iniciativas que xurdan dende o propio departamento como tamén das institucións do noso entorno escolar.
- Os obxectivos fundamentais do curso tendentes a normalización e dinamización da lingua galega serán os seguintes:
  - - Conseguir que toda a comunidade educativa coñeza de forma efectiva o seu dereito a expresarse en galego.
  - - Empregar o galego en toda clase de escritos: ás familias, á Administración, co Concello...
  - - Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros e avisos.
  - - Colaborar nas actividades e conmemoracións anuais.
  - - Participar con outras institucións na promoción e fomento do galego.
  - - Avanzar na creación da páxina web do centro.
  - - Participar na elaboración dun blogue cos nenos e nenas de primeiro e segundo de primaria das distintas escolas, traballando desta maneira a expresión escrita.
  - - Realizar pequenas experiencias de Radio Escolar cos nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria das distintas escolas. Estas gravacións insertaríanse na páxina web do centro. Traballaremos deste modo a expresión oral.
  - - Elaborar materiais informáticos de produción propia en galego ( p.e.- contos en Power Point, actividades para o EDI...).
  - - Elaborar diversas unidades didácticas en galego versadas en temas como o “Entroido”, “ As letras Galegas”...
  - - Elaborar un libro viaxeiro entre todas as escolas do CRA.

- - Elaborar e editar o número 11 da revista “ Galopín”.
- - Participar nas distintas festas e celebracións organizadas no centro participando con cancións, pequenas obras de teatro... e en todas aquelas que poidan xurdir durante o presente curso escolar.

**MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE IMPARTEN:**

- Baseándonos no marco legal ( Orde do 20 de Febreiro de 2004, que regula as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro), expóñense as medidas a adoptar cando un alumno descoñeza as dúas linguas cooficiais da nosa Comunidade Autónoma:
  - 1.- Avaliación Inicial do alumnado: cando un alumno se incorpore ao sistema educativo vaise levar a cabo unha avaliación inicial para poder así determinar as necesidades de cada alumno.
  - 2.- Medidas de atención escolar: levaranse a cabo as seguintes medidas educativas de tipo curricular para a atención ás necesidades educativas específicas:
    - - Reforzo educativo.
    - - Adaptación curricular.
    - - Flexibilización da idade.
  - 3.- Medidas de tipo organizativo:
    - - Grupos de adquisición de linguas.
    - - Grupo de adquisición de competencia curricular.
- A finalidade destas medidas é proporcionar unha atención individualizada ás necesidades educativas do alumnado como a súa familiarización coa vida do centro educativo.

**4.4.PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.**

## 1. INTRODUCCIÓN

A) Xustificación baseada no contexto.

No curso 2012-2013, este Departamento de Orientación será compartido, tendo como centro base o CEIP Nétoma de Razo e compartido o Cra Ponte da Pedra. Ademais temos 2 escolas adscritas: a EEI de Vilela e a EEI de Encrucilladas, polo tanto o ámbito de actuación do presente plan de orientación serán todos os centros citados.

O CEIP de Nétoma, esta situado na localidade de Razo. É unha localidade rural situada xunto o mar. Os seus habitantes teñen que desprazarse varios quilómetros para atopar servizos (ocio, supermercados...).

O Cra Ponte da Pedra ( a sede) está en Carballo. Está composto por sete escolas: Artes, Cances, Mirón, Xoane, Rega, Berdillo e Sísamo.

Ademais temos adscritas dúas escolas mais: a EEI de Vilela e a EEI de Encrucilladas, ambas situadas os arredores de Carballo.

De acordo coa lexislación vixente elabórase o presente Plan anual de actividades do departamento de orientación.

## 2.- OBXECTIVOS.

2.1.- Obxectivo xeral:

- Contribuír ó desenvolvemento da personalidade integral dos alumnos/as e a integración persoal e escolar dos mesmos.

2.2.- Obxectivos específicos:

- Diseñar accións encamiñadas á prevención de problemas de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe.

- Valorar as necesidades educativas dos alumno/as (dificultades e/ou trastornos de aprendizaxe, baixo rendemento escolar, sobredotación, trastornos de conduta, grupos de risco,...) e deseñar programas específicos de intervención.

- Contribuír á posta en práctica de pautas de actuación para mellorar a autoestima dos



alumnos/as que o necesiten.

- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría.
- Fomentar a colaboración, o seguimento, avaliación e revisión dos Plans de Acción Titorial, como instrumento dunha educación de calidade. Deseñando, dentro do Plan de Acción Titorial, programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.
- Contribuír a que os alumnos/as adquiren hábitos de estudo e traballo..
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que os alumnos/as estean en todo momento integrados no centro. Prestarase especial atención ós períodos escolares de maior dificultade (conflitos de relación interpersoal, ingreso no centro e cambio de ciclo).
- Participarase no seguimento do P.E.C. incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade e, cando sexa necesario, na adecuación dos criterios de promoción.
- Contribuír á colaboración entre o Departamento e os CEIP ós que está adscrito.
- Dinamizar e crear medidas que incidan na mellora da convivencia no centro e na promoción de condutas tolerantes.
- O emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.
- Facilitar a integración no centro do posible alumnado procedente do estranxeiro así como a súa familia.

### 3.- FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Establecer normas de funcionamento (horario de reunións, periodicidade...) e procedementos de actuación.

- Establecer criterios, a través de debates no Departamento sobre:

- Solicitudes de avaliacións psicopedagógicas.
- Organización de reforzos educativos.
- Organización de apoios.
- Alumnos/as que deben acudir á aula de apoio.
- Elaboración de informes psicopedagógicos.
- Elaboración de adaptacións

#### 4.-ACTIVIDADES PARA O PRESENTE CURSO.

4.4.1.- Con relación ós alumnos/as:

- Realizar as avaliacións psicopedagógicas máis urxentes.
- Aplicar unha proba só para ós alumnos de E.I. de cinco anos , será unha “ Batería de Aptitudes Diferenciais e Xerais” a nivel gráfico a fin de comprobar o grao de adquisición de conceptos á hora de ter que enfrontarse no vindeiro curso ó proceso lecto-escritor.

4.4.2.- Con relación ós profesores:

- Revisión do documento de avaliación inicial para os alumnos de E.I de tres anos co fin de efectuar os cambios que se consideren necesarios.
- Colaborar na atención á diversidade do alumnado..
- Coordinar o seguimento dos programas de reforzo deseñados polo Departamento para alumnos con necesidades.
- Coordinar, en colaboración cos profesores/as implicados, o seguimento das ACS elaboradas.
- Coordinar, en colaboración coas profesoras de Audición e Linguaxe e os profesores de Pedagogía Terapéutica, a atención do alumnado con necesidades.

#### 4.4.3.- Con relación ós pais/nais:

- Asesorar ós pais/nais (sempre que sexa necesario) sobre aspectos relacionados co proceso educativo dos seus fillos e os programas de reforzo que se leven a cabo.
- Implicar ós pais no programa de orientación que se desenvolve no centro.
- Realizar entrevistas persoais, sempre que sexa necesario.
- Informalos sobre os resultados acadados polos seus fillos en probas psicopedagóxicas, cuestionarios e entrevistas que se consideren de interese.
- Implicar ós pais nos programas de reforzo que se poñan en práctica, na escola, cos seus fillos.

#### 4.4.4.- Outras actividades:

- Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Establecer canles de comunicación con diferentes servizos e institucións, sobre todo da zona, no ámbito das competencias establecidas.
- Confección de materiais para o Departamento (fichas de rexistro, cuestionarios...)
- Colaborar, coordinar e intercambiar informacións e materiais con outros departamentos.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativos e curricular do centro.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

#### 5.-HORARIO DA COORDINADORA DO DEPARTAMENTO.

O horario de atención da coordinadora do Departamento de Orientación será o seguinte:

Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00, no Cra Ponte da Pedra e os martes e mércores no Ceip Nétoma de Razo, os martes de 9:30 a 17:30 e os mércores de 9:30 a 13:40. Ademais no Cra Ponte da Pedra acudirá os cuartos luns de cada mes para a reunión do Departamento de Orientación.

Dito horario será flexible e pode variar nalgún momento por causas relacionadas coas demandas do centro.

## 6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.

Coa avaliación preténdese coñecer en que medida os diferentes obxectivos reflectidos neste Plan de Orientación para este ano académico e ámbito de actuación, van sendo acadados, pero tamén de que xeito, con que grao de efectividade e axuste á realidade e contexto no que pretende desenvolverse.

A finalidade deste coñecemento é a de optimizar o Plan, mellorando aqueles aspectos do mesmo que imos vendo que son axeitados, logo dunha previa reflexión e análise que confirme que efectivamente tales aspectos deben ser modificados, suprimidos, ampliados, reforzados, etc. Polo tanto, o proceso de avaliación será global e continuo.

Serán tidos en conta os seguintes criterios para a avaliación do Plan:

- Nº de reunións feitas.
- Grao de satisfacción e implicación do profesorado.
- Resolución satisfactoria das necesidades do profesorado.
- Grao de utilidade do material elaborado.
- Axeitamento das técnicas, instrumentos e materiais utilizados.
- Nivel de cumprimento das actividades propostas.
- Nivel e grao de coordinación acadado.

- Nivel de participación do alumnado nas actividades previstas.
- Grao de implicación de tódolos responsables no desenvolvemento de programas ou medidas de atención á diversidade.
- Grao de coordinación acadado nas coordinacións externas.

#### **4.5 PROXECTO DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

· Composición: Véase o pto. 2.3.5

##### **• ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

As actividades extraescolares están programadas como complemento e ampliación das actividades desenroladas dentro da aula. Pretenden fomentar a relación do neno co seu entorno natural, social e cultural mais próximo de forma atractiva e motivadora.

##### **• ACTIVIDADES PREVISTAS:**

O calendario para a súa realización concretarase o longo do curso.

##### **1º Trimestre:**

- Teatro Lido: Actividade organizada polo Concello e Radio Voz que participa a aula de Berdillo Primaria
- Festa do magosto. Xuntaremos a todas as escolas para a celebración do magosto, asando castañas e realizando xogos con castañas e froitos do outono.
- Festival de Nadal.

##### **2º Trimestre:**

Excursión á comarca. Visita ó Castro de Borneiro e ó Dolmen de Dombate.

##### **3º Trimestre:**

Excursión e Festa de Fin de Curso ó Campo de Golf.

Ademais das citadas actividades, ao longo do curso cada escola realizará as actividades que cada titor considere oportunas para as seguintes **Conmemoracións:**

-Día Internacional contra a Violencia de Xénero. 23/11/2012

-Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. Semana 3-11 Decembro 2012

-Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.10/12/2012

-Día da Paz. 30/01/2013

-Día Internacional da Muller Traballadora. 8/03/2013

-Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. 15/03/2013

-Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais. Semana 11-15 Marzo 2013

-Día do Libro. 23/04/2013

-Día Mundial da Saúde. 5/04/2013

-Día de Europa. 9/05/2013

-Semana das Letras Galegas. 9 ó 17 maio 2013

-Día Mundial do Ambiente. 5/06/2013

Ademais de todas as actividades propostas para o curso 2012-2013, calquera actividade ofertada será valorada e tida en conta para a súa posible realización.

## **CONVIVENCIA**

No noso centro non se detectan graves problemas de convivencia, a non ser aqueles pequenos conflitos froito das relacións establecidas entre nenos-as de cortas idades

( 3- 8 anos) ao longo das xornadas escolares.

“APRENDER A CONVIVIR” é un obxectivo prioritario da educación e imprescindible para a vida en sociedade. Por iso en tódolos documentos do noso centro ( Proxecto educativo, RRI, programacións docentes... e por suposto no noso plan de convivencia) cobran especial relevancia a socialización, a non discriminación, o diálogo, a colaboración, as normas de comportamento, o respecto aos demais, os hábitos, as habilidades sociais, a educación en valores...

Os titores nas súas programacións de aula planifican un promenorizado e eficaz desenrolo da convivencia nas súas aulas.

Todo isto unido a que o noso centro é un CRA coas aulas espalladas levounos a aúنالo equipo de actividades extraescolares e convivencia porque coa maioría destas actividades perseguimos :

- Axudalos nenos-as a adquirir unha diversidade de experiencias e unha comprensión fundamental do medio natural-social e cultural
- Potenciar unha relación positiva e armónica dos nenos-as co seu medio
- Favorecelas actitudes de comprensión, respecto, tolerancia e convivencia
- Mellora das relación e coñecemento entre os membros da comunidade educativa .

#### **4.6 PLAN LECTOR ANUAL. EQUIPO DE BIBLIOTECA.**

##### PLAN ANUAL DE LECTURA PARA O CURSO 2012-2013

O equipo de dinamización de lectura está composto polas seguintes profesoras:

Mónica López Vilariño

Lourdes Teixeira Lastres

Beatriz Castro Suárez

Mº Concepción Cascón Bravo que actúa como coordinadora.

Durante o curso 2008-2009 elaborouse o proxecto lector de centro co consenso de todas as partes implicadas e foi aprobado polo Consello Escolar.

Partindo pois de ese documento o plan lector para 2012-2013 terá en conta os seguintes puntos:

As bibliotecas de aula e os recantos de lectura son eixes fundamentais no desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe que se desenvolve nas aulas. A estas idades o momento do conto forma parte das rutinas cotiás, non só as levadas a cabo polas/os titoras/es senón tamén en outros momentos da aprendizaxe como pode ser a sesión de linguas estranxeiras.

Manterase a mascota da biblioteca que continuará sendo, o igual que no curso pasado, o fío condutor para as distintas actividades que se organizarán.

Farase un espurgo das bibliotecas de aula co fin de actualizar o material e reciclar o que xa estea obsoleto.

Levarase a cabo unha nova catalogación (temáticas asociadas a distintas cores) dos exemplares da biblioteca da sede para que sexa máis rápida a búsqueda e a colocación do libros.

Ademais nestes últimos cursos o Concello de Carballo en colaboración coa ASPG organiza unha semana do libro infantil no que participamos e colaboramos cos nosos contos e aportacións plásticas. Durante o presente curso volveremos a participar.

Tódalas aulas do CRA participan nun xornal do centro onde se publican as aportacións literarias e plásticas.

No Equipo do ciclo de infantil tentamos de elaborar unhas propostas de contos en torno os diferentes centros de interés.

Algunhas aulas están poñendo en práctica o carné lector como actividade cotiá



Como proposta para este curso (segundo os consellos das administracións), que seguramente xa en moitos casos se leven a cabo nas aulas, que os ciclos poden concretar e sistematizar facemos as seguintes:

Recanto de lectura na aula claramente identificado e coa posibilidade de seren utilizado da maneira mais autónoma posible.

Lecturas diaria de diferentes tipos de textos: noticias, contos, poemas...

Lectura por parte do mestre/a de fragmentos divertidos e motivadores dos libros.

Presentación de libros na aula facendo propostas de lectura abertas.

Permitir o alumnado a elección libre das súas lecturas persoais.

Realizar diferentes actividades a partir das lecturas: debuxos, murais etc.

Escoller os libros favoritos.

Ver películas sobre os libros.

Utilizar a tecnoloxía como un recurso máis de axuda na biblioteca, realizando actividades do Jclic ou lim que apoiem a lectura de libros elexidos na aula e como fonte de información para temas de coñecemento do medio.

Este Plan anual non é pois mais que unha proposta para que os ciclos poidan reflexionar sobre a nosa situación e planificar actuacións que entre todos poidamos levar a cabo.

O equipo de dinamización ocuparase en todo caso de tentar de recoller toda a información necesaria, e de facer as propostas que poidan ir xurdindo que teñan relación e incidan positivamente no ámbito do desenvolvemento da Competencia Lectora como parte da Competencia Lingüística.

#### **4.7.PLAN TIC ANUAL**

As sociedades actuais requiren persoas actualizadas e con capacidade de enfrentarse os retos que lle depara o futuro. A utilización das novas tecnoloxías no mundo continúa a crecer de xeito imparable, polo que a nivel educativo e segundo sinala a lexislación actual, é necesario ofrecer aos nenos/as unha cultura dixital de modo que non so estén familiarizados con elas, senon que posúan unha capacitación e competencia neste tipo de tecnoloxías. A competencia dixital vislumbrase como un elemento clave para o desenrrolo individual e social nas sociedades actuais.

Neste contexto xurde a necesidade da elaboración dun Plan que busca incidir nas necesidades reais de calquera axente sociais: do profesorado, porque incorpora unha ferramenta de calidade no proceso de ensino- aprendizaxe; do alumnado, porque mellora as competencias educativas de modo integral; e dos centros, porque dispoñen dunhas ferramentas tecnolóxicas que os modernizan e actualizan.

**COMPOÑENTES E COORDINACIÓN** Son compoñentes do equipo de coordinación TIC: Aurora Souza Parra, Sonia Iglesias Rega, María Teresa Rodríguez Parra, Jesús Ramón Prado Lorenzo, sendo esta última nomeada como coordinadora.

**OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN:** Seguindo o sinalado no **Decreto 130/2007 de 28 de Xuño** polo que se establece o Currículo de Educación Primaria para a nosa comunidade, o Plan Tic de cada centro recollerá os seguintes obxectivos xerais:

- \* Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- \* Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- \* Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e

reforzo de aprendizaxes.

- \* Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.

- \* Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

- \* Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.

- \* Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.

- \* Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.

- \* Potenciar a comunicación cos seus iguais.

- \* Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.

- \* Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...

- \* Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.

- \* Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.

- \* Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

\* A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.

- 

## **OBXECTIVOS ANUAIS DO PLAN TIC**

Incidir na autoformación no centro a través do intercambio de coñecementos entre o profesorado.

Utilizar as TIC como parte integrante das rutinas diarias e da metodoloxía da aula.

Creación de materiais TIC en diferentes soportes (Notebook, powerpoint, galerías de imaxes, blogues, etc.) para traballar co alumnado diferentes temas ou centros de interese.

Crear e compartir materiais didácticos con outro profesorado a través de moodle / wuala / google drive, ....

Aumentar a interacción do alumnado das diferentes escolas a través das TIC e como forma de fortalecer o vínculo escola-familia (videoconferencias, viedo mensaxes, envío de correos electrónicos, etc.)

Establecer accións, a través das TIC, que redunden na mellora da organización do centro e de coordinación entre o profesorado do CRA (ferramentas 2.0 como axuda á coordinación docente: blogues, aula virtual, etc.)

Converter os espazos da páxina web do centro nun lugar que sirva de referencia, axuda ou guía para as prácticas tanto do profesorado actual do centro, comunidade educativa, futuros docentes do CRA e persoas alleas a este.

